

Sr/a alcalde/sa do Concello de Cerceda

Avenida do Mesón, nº 21

15185 - Cerceda

A Coruña

En cumprimento do Plan galego de estatística 2022-2026 (Lei 16/2021, do 20 de decembro, DOG nº 249 do 29 de decembro de 2021) este Instituto está a realizar a operación estatística "**Enquisa estrutural a fogares**".

A enquisa diríxese a 9.216 vivendas de toda Galicia. Informámoslos de que neste concello hai vivendas seleccionadas para participar. Estas vivendas serán visitadas entre o **1 de xuño e o 21 de xuño**, que é o período de enquisa neste concello, por persoal enquisador debidamente acreditado para cubrir un cuestionario estatístico.

Esta é unha investigación oficial cuxo obxectivo principal é coñecer as condicións de vida das familias galegas. Para iso, recóllese información sobre cuestións como o nivel de estudos, os ingresos e os gastos do fogar e dos seus membros.

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta do Instituto Galego de Estatística. Nela explicaráselles o obxectivo da enquisa e as distintas formas de contestala: por internet, por teléfono gratuito ou a través do persoal enquisador cando contacte co fogar.

Na mesma carta tamén se informará de que **é obrigatorio facilitar estes datos**, tal e como establece o artigo 23 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia. Ademais, indicarase que toda a información recollida é **estritamente confidencial** e está protexida polo segredo estatístico, de acordo cos artigos 29 a 32 da mesma lei.

Se algún fogar seleccionado contacta co Concello para pedir información sobre a enquisa, rogámoslles que lle expliquen as súas características ou que remitan a consulta ao Instituto Galego de Estatística. Para iso, poden indicar o teléfono gratuito **900 102 104**, dispoñible de **9:00 a 14:00**. Este é o mesmo teléfono que figura na carta enviada aos fogares.

Para calquera dúbida, tamén poden poñerse en contacto coa técnica responsable da actividade estatística, **M<sup>a</sup> Esther López Vizcaíno**, no teléfono **981 541 390**.

Agradecemoslles de antemán a súa colaboración e enviámoslles un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2026

O director do Instituto Galego de Estatística



Juan Carlos Reboredo Nogueira